



# PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

Esta modificación ten por obxecto o seguinte:

1. Asumir os postos ocupados transferidos do Estado a través do Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.
2. Crear 3 postos de traballo novos que son necesarios para a carga de traballo existente en materia de ordenación e xestión do litoral.
3. Incluír na Relación de postos de traballo os novos postos de estrutura e a modificación dalgúns dos existentes, como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 106/2025, do 11 de novembro, polo que se modifica o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, publicado no DOG do 25.11.2025.

## 1.- ASUNCIÓN DOS POSTOS TRANSFERIDOS DO ESTADO

### ANTECEDENTES:

Normativa de aplicación:

- Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral (BOE e DOG do 19.05.2025)
- Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e os servizos traspasados pola Administración xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral. (DOG do 01.07.2025)
- Disposición transitoria 4ª da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril de Estatuto de Autonomía para Galicia
- Artigos 88 e 104 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

En virtude do Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, aprobouse o Acordo da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, de traspaso de

funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral. O Acordo foi adoptado polo Pleno da devandita comisión na súa reunión do día 9 de abril de 2025 e, na súa virtude, quedaron traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral, coa efectividade da data sinalada no devandito acordo.

O apartado F do Acordo de traspaso fai referencia ao persoal e postos de traballo que se traspasan:

*“1. O persoal e postos de traballo vacantes adscritos aos servizos que se traspasan aparecen referenciados nominalmente na relación adxunta número 2, de acordo co precisado no Acordo complementario número 2. O dito persoal pasará a depender da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos legalmente previstos polo Estatuto de autonomía e demais normas en cada caso aplicables e nas mesmas circunstancias que se especifican nos seus expedientes de persoal.”*

A Relación de postos de traballo transferidos ocupados e a crear é a seguinte:

### 2.1 Persoal funcionario

Unidade	Código posto	Residencia	Posto	Nivel	Grupo	Situación
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5018792	Coruña, A	Xefe/Xefa de Sección de Asuntos Xerais	22	C1	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5271680	Coruña, A	Xefe/Xefa de Negociado	18	C1	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4278971	Coruña, A	Xefe/Xefa de Sección Técnica	24	A2	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5366080	Ferrol	Axente Ambiental	16	C1	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4967583	Coruña, A	Xefe/Xefa de Negociado	16	C1	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4685342	Coruña, A	Xefe/Xefa de Negociado	18	C1	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	2557706	Coruña, A	Xefe/Xefa de Sección Técnica N24	24	A2	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4347042	Coruña, A	Xefe/Xefa de Negociado	16	C1	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Lugo	5809365	Lugo	Xefe/Xefa de Sección	20	A2	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Lugo	5437148	Foz	Axente Ambiental	16	C1	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Lugo	5394781	Foz	Axente Ambiental	16	C1	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Lugo	2010271	Lugo	Xefe/Xefa de Negociado	16	C1	Posto ocupado



Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	5717980	Pontevedra	Axente Ambiental	16	C1	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	5571518	Pontevedra	Axente Ambiental	16	C1	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	2260090	Pontevedra	Xefe/Xefa de Sección Técnica	24	A2	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	2817805	Pontevedra	Xefe/Xefa de Negociado	18	C1	Posto ocupado
Total	16					

## 2.2 Persoal laboral

Unidade	Código posto	Residencia	Posto	Grupo	Situación
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5330396	Coruña, A	1G - Administración	1G	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	5602424	Coruña, A	M1 - Proxectos de obra civil	M1	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4923918	Coruña, A	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4921171	Coruña, A	3G - Informática	3G	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4923911	Ferrol	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4925423	Coruña, A	E2 - Condución de vehículos de transporte por estrada	E2	Posto ocupado
Demarcación de Costas de Galicia. A Coruña	4923744	Mañón	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Lugo	4926935	Lugo	E1 - Servizos administrativos	E1	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	4923776	Pontevedra	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Posto ocupado
Servizo Provincial de Costas. Pontevedra	4923775	Pontevedra	3G - Vixilancia do dominio público	3G	Posto ocupado
Total	10				

## Resumo

- Transferíronse un total de 26 postos de traballo ocupados,
  - 16 de persoal funcionario



- o 10 postos de persoal laboral

O apartado G do Acordo de traspaso fai referencia á valoración das cargas financeiras correspondentes ao traspaso. En concreto, no apartado 2 se recolle que o financiamento, en euros de 2025, que corresponde ao custo efectivo anual das funcións e servizos traspasados, detállase na relación adxunta número 3

Na relación adxunta número 3 figuran os seguintes créditos:

Programa	Capítulo	Importe
Programa 451O Dirección e Servizos Xerais para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico	Capítulo 1	17.101,14 €
Programa 451O Dirección e Servizos Xerais para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico	Capítulo 1	1.473,70 €
Programa 456D Actuación na costa	Capítulo 1	1.129.681,45 €
Total		1.148.256,29 €

## PROPOSTA:

Nesta proposta créanse os postos que se traspasaron ocupados para a integración do persoal transferido. A creación de postos de traballo resulta necesaria para posibilitar a incorporación e adscrición do persoal funcionario da dita escala traspasado desde a Administración Xeral do Estado, en virtude do Real decreto 394/2025, do 13 de maio

O citado Real decreto 394/2025, do 13 de maio, formalizou o traspaso á Administración autonómica das funcións e servizos en materia de ordenación e xestión do litoral e inclúe os medios persoais afectados, polo que resulta imprescindible a súa integración efectiva na estrutura organizativa da Xunta de Galicia mediante a creación dos correspondentes postos de traballo.

Para a creación dos postos téñense en conta as instrucións da Xunta da Galicia para elaborar das relacións de postos de traballo e o tipo de posto transferido.

Os postos créanse co mesmo vínculo xurídico co que foron transferidos (16 para persoal funcionario e 10 para persoal laboral).

Os postos transferidos con denominación de xefatura de sección, independentemente do grupo e nivel dos postos transferidos, créanse coa mesma denominación para os subgrupos A1-A2-C1, para o nivel 25 e para as escalas do persoal transferido.

Os postos transferidos con denominación de xefatura de negociado, independentemente do grupo e nivel dos postos transferidos, créanse coa mesma denominación para os subgrupos A2-C1-C2 e para o nivel 18.

Os postos transferidos da escala de axente ambiental, independentemente do grupo e nivel dos postos transferidos, créanse coa denominación axente para o subgrupo C1 e co nivel 18 de complemento de destino.

En relación cos postos desta escala, cómpre efectuar as seguintes precisións.

A normativa autonómica que regula as condicións de traballo e o réxime de prestación de servizos do persoal das escalas de axentes está integrada polas seguintes disposicións:

- Orde do 21 de marzo de 2005 pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licencias e permisos e compensacións económicas a percibir polo persoal da escala de axentes forestais da Xunta de Galicia.
- Orde do 3 de outubro de 2019, pola que se publica o Acordo sobre as condicións de traballo dos axentes forestais e medioambientais de Galicia, que recolle o marco das condicións de traballo e retributivas pactadas para o colectivo.
- Orde do 18 de xaneiro de 2019, conxunta das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Medio Rural, pola que se establece o réxime de prestación de servizos das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais, que regula as condicións de prestación de servizos, a dispoñibilidade e a organización operativa do colectivo.

A Orde do 21 de marzo de 2005 regulou especificamente a fixación de horarios e as compensacións por actividade extraordinaria do persoal da escala de axentes forestais, partindo da singularidade das funcións desenvolvidas en materia de vixilancia, prevención e extinción de incendios forestais. En atención a estas condicións especiais de prestación do servizo, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 31.03.2005, acordou recoñecerlle un complemento específico diferencial cuantificado naquel momento en 360 euros mensuais, con efectos económicos do 01.01.2005.

Posteriormente negociouse entre a Administración da Xunta de Galicia e as Organizacións Sindicais un novo Acordo sobre as condicións de traballo do persoal da escala de axentes que foi publicado pola Orde do 3 de outubro de 2019. Este novo Acordo veu motivado no incremento substancial das cargas de traballo e das responsabilidades asumidas polos funcionarios das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais, derivado, entre outras causas, de:

- A asunción da nova regulación das obrigas de xestión da biomasa, resultante da última modificación da normativa autonómica en materia de incendios forestais.
- A participación en operativos de extinción de incendios en espazos naturais protexidos.
- A realización de actuacións de protección e conservación do patrimonio natural dentro dos espazos naturais protexidos (toma de datos xeorreferenciados, levantamento de planos, inspección e seguimento de ocupacións, cambios de uso do solo, etc.).
- O desempeño de funcións inspectoras vinculadas á normativa de patrimonio natural, co conseguinte incremento de responsabilidade e especial dedicación.

Este Acordo reforzou o marco retributivo do colectivo mediante o incremento do nivel de complemento de destino dos postos e o aumento do compoñente singular do complemento específico, consolidando e ampliando o complemento específico diferencial vinculado ás condicións particulares de prestación do servizo e á especial dedicación funcional. Este complemento súmase ao recoñecido no ano 2005.

Na actualidade, os postos de Axentes Medioambientais na RPT teñen asignado un nivel mínimo 18 de complemento de destino. En consecuencia, os postos que se crean para integrar o persoal transferido en virtude do Real decreto 394/2025 respectan ese limiar mínimo, establecéndose igualmente co nivel 18 e co correspondente complemento específico mínimo asociado ao posto.

Cómpre, porén, diferenciar entre o complemento específico mínimo inherente ao nivel do posto e o complemento específico diferencial previsto nos Acordos de 2005 e 2019. O complemento específico ten por finalidade retribuír as condicións particulares do posto en función das tarefas efectivamente encomendadas e do réxime singular de prestación de servizos que as xustifica.

No caso do persoal traspasado polo Real decreto 394/2025, do 13 de maio, as funcións a desempeñar circunscribíense ao ámbito material do litoral, sen que concorran as funcións específicas e as condicións operativas que se recollen na Orde do 21 de marzo de 2005 e no Acordo do ano 2019.

Polo tanto, aínda procedendo a creación dos postos cun nivel mínimo de complemento de destino 18 e o seu complemento específico nivel 18, non existe actualmente fundamento funcional nin organizativo para asignar a estes postos o complemento específico diferencial derivado da Orde e do Acordo referenciados, ao non estaren vinculados ao desempeño das tarefas e condicións singulares de prestación dos servizos que xustificaron o seu establecemento.

Sen prexuízo do anterior, e en atención ao réxime propio dos procesos de traspaso, o persoal transferido continuará percibindo o complemento diferencial que viña abonándose polas Administración do Estado con motivo da realización de horario especial e polas condicións asociadas ao posto de orixe (penosidade, perigosidade, toxicidade etc.), nos termos que correspondan, mentres non se aprobe, de ser o caso, unha regulación específica que estableza especialidades ou singularidades propias destes postos na Administración autonómica. Ese importe do diferencial estatal de 3.638,38 € anuais se integra no complemento específico dos postos creados nesta proposta.

No tocante aos postos transferidos de persoal laboral, créanse para os grupos e categoría equivalentes do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, salvo os de vixilancia de dominio público, para os que non hai equivalencia.

A creación de postos de traballo para a incorporación do persoal laboral traspasado procedente da Administración Xeral do Estado que viña desempeñando funcións de vixilancia do dominio público marítimo-terrestre resulta necesaria para posibilitar a súa integración efectiva na estrutura organizativa da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no Real decreto 394/2025, do 13 de maio. Os postos transferidos de vixilancia de dominio público corresponden ao grupo III e non existe equivalencia funcional con outra categoría existente no V Convenio Colectivo. Neste caso, o persoal traspasado desta categoría desenvolve funcións de carácter operativo e de control e vixilancia no ámbito do litoral, polo que procede a creación na RPT dos correspondentes postos singulares para garantir a súa adscrición e a continuidade na prestación do servizo de conformidade coa categoría do grupo III que lle asigne a Comisión paritaria de vixilancia, interpretación e desenvolvemento do convenio.

Por outra banda, e atendendo ao principio de homoxeneidade e coherencia organizativa, resulta procedente que ao persoal traspasado se lle aplique o mesmo réxime retributivo complementario asignado ao persoal autonómico que desempeña funcións de campo nesta Consellería e que se atopa sometido a condicións análogas, en particular no relativo á percepción de complementos asociados á penosidade, perigosidade, toxicidade e especial dedicación, de acordo coas características do posto e coa configuración retributiva establecida na RPT.

Deste modo, a creación dos postos garante:

- A integración efectiva do persoal transferido na estrutura da Xunta de Galicia.
- A adecuación funcional dos postos ás tarefas efectivamente desempeñadas no ámbito do dominio público marítimo-terrestre.
- A aplicación do principio de igualdade de trato retributivo respecto do persoal que desenvolve tarefas de campo na Consellería competente en materia de medio ambiente.

## 1.1.- CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE PERSOAL FUNCIONARIO

### **MAC991000015001077 XEFATURA DE SECCIÓN**

- Posto transferido nº 2557706 (G.A2 - N.24)
- Posto ficticio MAC99 15001519

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Departamento Territorial (A Coruña)
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso
- Adscrición Administración: “adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia.. (AXG)
- Subgrupos: A1-A2-C1
- Corpo / escala: Xeral.

Xustificación da creación dun posto de xefatura de sección de nivel 25 para os subgrupos A1-A2-C1 da Administración xeral:

- O posto transferido ten a denominación de orixe de xefatura de sección.
- A persoa que o ocupa é dun corpo da Administración xeral.
- Os subgrupos e niveis son os acordos ás RPT’s da Xunta de Galicia

### **MAC991000215001035 XEFATURA DE SECCIÓN TÉCNICA**

- Posto transferido nº 4278971 (G.A2 - N.24)
- Posto ficticio MAC99 15001516

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupo: A2
- Corpo / escala:
  - Corpo facultativo de grao medio, escala de enxeñería técnica, especialidade de enxeñería de obras públicas (EME1)
  - Corpo facultativo de grao medio, escala de arquitectura técnica (EMA)

Xustificación da creación dunha sección de nivel 25 para os subgrupos A2 da Administración especial:

- O posto transferido ten a denominación de orixe de xefatura de sección.
- A persoa que o ocupa con carácter definitivo é do Corpo facultativo de grao medio, escala de enxeñaría técnica, especialidade de enxeñaría de obras públicas.
- O subgrupo e nivel son os acordos ás RPTs da Xunta de Galicia.

Xustificación das escalas e especialidades:

A especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas (EME1) é a que traia o posto.

A escala de arquitectura técnica (EMA) é a mais adecuada polas funcións do posto, debido a que unha das competencias é avaliar os proxectos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e no dominio público marítimo terrestre, garantindo coherencia e axuste ás normativas de lexislación sobre costas, de protección do medio ambiente e a de planificación territorial, así como a preparación da documentación técnica neste ámbito.

### **MAC991000215001036 XEFATURA DE SECCIÓN**

- Posto transferido nº 5018792 (G.C1 - N.22)
- Posto ficticio MAC99 15001514

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos: A1-A2-C1
- Corpo / escala: Xeral.

Xustificación da creación do posto de xefatura de sección de nivel 25 para os subgrupos A1-A2-C1 da Administración xeral:

- Os postos transferidos teñen a denominación de orixe de xefaturas de sección.
- As persoas que os ocupan corresponden con corpos da Administración xeral.
- Os subgrupos e niveis son os acordos ás RPTs da Xunta de Galicia

### **MAC991000215001045 XEFATURA DE NEGOCIADO**

- Posto transferido nº 5271680 (G.C1 - N.18)
- Posto ficticio MAC99 15001515

### **MAC991000215001046 XEFATURA DE NEGOCIADO**

- Posto transferido nº 4685342 G.C1 - N.18)
- Posto ficticio MAC99 15001518

**MAC991000215001047 XEFATURA DE NEGOCIADO**

- Posto transferido nº 4967583 (G.C1 - N.16)
- Posto ficticio MAC99 15001517

**MAC991000215001048 XEFATURA DE NEGOCIADO**

- Posto transferido nº 4347042 (G.C1 - N.16)
- Posto ficticio MA.C99. . .15001.520

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Nivel: 18
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos: A2-C1-C2
- Corpo / escala: Xeral.

Xustificación da creación dos catro postos de xefatura de negociado de nivel 18 para os subgrupos A2-C1-C2 da Administración xeral:

- Os postos transferidos teñen a denominación de orixe de xefaturas de negociado
- As persoas que os ocupan son de corpos da Administración xeral.
- Os subgrupos e niveis son os acordos ás RPT's da Xunta de Galicia

**MAC991000215001050 AXENTE AMBIENTAL**

- Posto transferido nº 5366080 (G.C1 - N.16)
- Posto ficticio MAC99 15001513

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Ámbito competencial: a provincia de A Coruña
- Nivel: 18
- Complemento específico : 11.703,22 € (Complemento específico diferencial: 3.638,378 €)
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupo: C1
- Corpo / escala: corpo de axudantes de carácter facultativo, escala de axentes facultativos ambientais (EAFM)
- Observacións: Horario especial

Xustificación:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

Propónse a creación do posto mantendo a escala do posto transferido e con características dos postos de axentes ambientais da consellería (subgrupo e nivel ).

### **MAC991000227001040 XEFATURA DE SECCIÓN**

- Posto transferido nº 5809365 (G.A2 - N.20)
- Posto ficticio MAC99 27001508

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Lugo)
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos: A1-A2-C1
- Corpo / escala: Xeral.

Xustificación da creación do posto de xefatura de sección de nivel 25 para os subgrupos A1-A2-C1 da Administración xeral:

- O posto transferido ten a denominación de orixe de xefaturas de sección.
- A persoa que o ocupa corresponde co corpo da Administración xeral.
- Os subgrupos e niveis son os acordados ás RPT's da Xunta de Galicia

### **MAC991000227001045 XEFATURA DE NEGOCIADO**

- Posto transferido nº 2010271 (G.C1 - N.16)
- Posto ficticio MAC99 27001509

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Lugo)
- Nivel: 18
- Forma de provisión: concurso
- Adscrición Administración: "adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia e Estado" (A20).
- Subgrupos: A2-C1-C2
- Corpo / escala: Xeral.
- Observacións: 640 "Para persoal de outra administración, curso de perfeccionamento de galego (RI)

Xustificación da creación do posto de xefatura de negociado de nivel 18 para os subgrupos A2-C1-C2 da Administración xeral:

- Os postos transferidos teñen a denominación de orixe de xefaturas de negociado

- A persoa que o ocupa é da Administración xeral e ocupa o posto con carácter provisional (comisión de servizos).
- Os subgrupos e niveis son os acordos ás RPT's da Xunta de Galicia

Xustificación da adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia e Estado:

No marco do proceso de asunción efectiva das funcións transferidas polo correspondente Real Decreto, e durante a fase de adaptación organizativa inicial, considérase conveniente que o posto creado poida estar aberto tamén ao persoal da Administración Xeral do Estado. Esta medida asegura unha transición funcional e técnica ordenada, garantindo a continuidade na tramitación dos expedientes ao tempo que se facilita a transmisión de coñecementos e progresiva consolidación destas funcións no ámbito autonómico.

#### **MAC991000227001050 AXENTE AMBIENTAL**

- Posto transferido nº 5437148 (G.C1 - N.16)
- Posto ficticio MAC99 27001506

#### **MAC991000227001051 AXENTE AMBIENTAL**

- Posto transferido nº 5394781 (G.C1 - N.16)
- Posto ficticio MAC99 27001507

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Lugo)
- Ámbito competencial: a provincia de Lugo
- Nivel: 18
- Complemento específico : 11.703,22 € (Complemento específico diferencial: 3.638,378 €)
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupo: C1
- Corpo / escala: corpo de axudantes de carácter facultativo, escala de axentes facultativos ambientais (EAFM)
- Observacións: Horario especial

Xustificación:

Propónse a creación do posto mantendo a escala do posto transferido e con características dos postos de axentes ambientais da consellería (subgrupo e nivel )

#### **MAC991000236001035 XEFATURA DE SECCIÓN**

- Posto transferido nº 2260090 (G.A2 - N.24)
- Posto ficticio MAC99 36001509

Características:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Pontevedra)
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos: A1-A2-C1
- Corpo / escala: Xeral.

Xustificación da creación dun posto de xefatura de sección de nivel 25 para os subgrupos A1-A2-C1 da Administración xeral:

- O posto transferido ten a denominación de orixe de xefaturas de sección.
- A persoa que o ocupa é do corpo de grao medio da Administración xeral.
- O subgrupo e nivel son os acordados ás RPT's da Xunta de Galicia

### **MAC991000236001045 XEFATURA DE NEGOCIADO**

- Posto transferido nº 2817805 (G.C1 - N.18)
- Posto ficticio MAC99 36001510

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Pontevedra)
- Nivel: 18
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos: A2-C1-C2
- Corpo / escala: Xeral.

Xustificación da creación dun posto de xefatura de negociado de nivel 18 para os subgrupos A2-C1-C2 da Administración xeral:

- O posto transferido ten a denominación de orixe de xefaturas de negociado.
- A persoa que o ocupa é do corpo administrativo da Administración xeral.
- O subgrupo e nivel son os acordados ás RPT's da Xunta de Galicia

### **MAC991000236001050 AXENTE AMBIENTAL**

- Posto transferido nº 5717980 (G.C1 - N.16)
- Posto ficticio MAC99 36001507

### **MAC991000236001051 AXENTE AMBIENTAL**

- Posto transferido nº 5571518 (G.C1 - N.16)
- Posto ficticio MAC99 36001508

Características:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Pontevedra)
- Ámbito competencial: a provincia de Pontevedra
- Nivel: 18
- Complemento específico : 11.703,22 € (Complemento específico diferencial: 3.638,378 €)
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupo: C1
- Corpo / escala: corpo de axudantes de carácter facultativo, escala de axentes facultativos ambientais (EAFM)
- Observacións: Horario especial

Xustificación:

Propónse a creación do posto mantendo a escala do posto transferido e con características dos postos de axentes ambientais da consellería (subgrupo e nivel )

## 1.2.- CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL

### **MAC991000215001100 TITULADO/A SUPERIOR**

- Posto transferido nº 5330396 (G.1G)
- Posto ficticio MAC99 15001507

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Localidade: A Coruña
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: I
- Categoría: 4

Xustificación:

Propónse a creación para o grupo I do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo 1G do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (anexo II-b).

Propónse a creación para a categoría 4, titulado/a superior, por ser a que se axusta a titulación da persoa que o ocupa con carácter definitivo

### **MAC991000215001101 ENCARGADO/A ADMINISTRATIVO/A-**

- Posto transferido nº 4921171 (G.3G)

- Posto ficticio MAC99 15001510

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Localidade: A Coruña
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: III
- Categoría: 2

Xustificación:

Proponse a creación para o grupo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo G3 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (anexo II-b).

Proponse a creación para a categoría 2, Encargado/a administrativo/a. Xefe/a de negociado. Xefe/a administración. Xefe/a 2ª administración. Administrador/a. por adecuarse as funcións que viña desenvolvendo na Administración Xeral do Estado e que sigue a desenvolver na Administración da Xunta de Galicia, así como ás necesidades do centro directivo.

### **MAC991000015001160 CONDUCTOR**

- Posto transferido nº 4925423 (G.E2)
- Posto ficticio MAC99 15001521

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Departamento Territorial (A Coruña)
- Localidade: A Coruña
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: III
- Categoría: 63

Xustificación:

Proponse a creación para o grupo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo E2 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (artigo 8).

Proponse a creación para a categoría 63 Oficial/a 1ª condutor/a. condutores/as 1ª. Condutores/as altos cargos. Condutor/a mecánico/a, por ser a que se axusta á denominación e características do posto transferido.

### **MAC991000215001103 DELINEANTE**

- Posto transferido nº 5602424 (G.M1)

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

- Poso ficticio MAC99 15001509

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Localidade: A Coruña
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: III
- Categoría: 29

Xustificación:

Propónse a creación para o grupo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo M1 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (artigo 8), segundo o artigo 5 do Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, publicado no BOE do 04.08.2011.

Propónse a creación para a categoría 29, Delineante de 1ª por adecuarse as súas funcións e ás necesidades do centro directivo.

### **MAC991000215001110 VIXILANTE DE DOMINIO PÚBLICO**

- Posto transferido nº 4923918 (G.3G)
- Poso ficticio MAC99 15001508

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Ámbito competencial: provincia de A Coruña
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: III (primeira parte)
- Categoría: pendente de definir pola Comisión de Seguimento do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que dada a retribución que percibían da Administración Xeral do Estado debería encadrarse no primeiro tramo das categorías do grupo III.
- Observacións: Horario especial
- Complementos de singularidade de posto:
  - Perigosidade (B10)
  - Toxicidade (B11)
  - Penosidade (B18)
  - Especial dedicación (B14)

Xustificación:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

Propónse a creación para o grupo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo G3 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (anexo II-b).

Propónse a creación dunha nova categoría pendente de definir pola Comisión de Seguimento do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, por non existir no V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ningunha categoría similar á transferida.

### **MAC991000215001111 VIXILANTE DE DOMINIO PÚBLICO**

- Posto transferido nº 4923911 (G.3G)
- Posto ficticio MAC99 15001512

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Ámbito competencial: provincia de A Coruña
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: III (primeira parte)
- Categoría: pendente de definir pola Comisión de Seguimento do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que dada a retribución que percibían da Administración Xeral do Estado debería encadrarse no primeiro tramo das categorías do grupo III.
- Observacións: Horario especial
- Complementos de singularidade de posto:
  - Perigosidade (B10)
  - Toxicidade (B11)
  - Penosidade (B18)
  - Especial dedicación (B14)

Xustificación:

Propónse a creación para o grupo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo G3 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (anexo II-b).

Propónse a creación dunha nova categoría pendente de definir pola Comisión de Seguimento do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, por non existir no V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ningunha categoría similar á transferida.

### **MAC991000215001112 VIXILANTE DE DOMINIO PÚBLICO**

- Posto transferido nº 4923744 (G.3G)
- Posto ficticio MAC99 15001511

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Ámbito competencial: provincia de A Coruña
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: III (primeira parte)
- Categoría: pendente de definir pola Comisión de Seguimento do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que dada a retribución que percibían da Administración Xeral do Estado debería encadrarse no primeiro tramo das categorías do grupo III.
- Observacións: Horario especial
- Complementos de singularidade de posto:
  - Perigosidade (B10)
  - Toxicidade (B11)
  - Penosidade (B18)
  - Especial dedicación (B14)

Xustificación:

Proponse a creación para o grupo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo G3 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (anexo II-b).

Proponse a creación dunha nova categoría pendente de definir pola Comisión de Seguimento do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, por non existir no V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ningunha categoría similar á transferida.

**MAC991000227001100 AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

- Posto transferido nº 4926935 (G.E1)
- Posto ficticio MAC99 27001505

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Lugo)
- Localidade: Lugo
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: IV

- Categoría: 1

Xustificación:

Proponse a creación para o grupo IV do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo E1 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (artigo 8)

Proponse a creación para a categoría 1 do grupo IV, por ser a que se axusta á denominación e características do posto transferido.

### **MAC991000236001110 VIXILANTE DE DOMINIO PÚBLICO**

- Posto transferido nº 4923776 (G.3G)
- Posto ficticio MAC99 36001505

### **MAC991000236001111 VIXILANTE DE DOMINIO PÚBLICO**

- Posto transferido nº 4923775 (G.3G)
- Posto ficticio MAC99 36001506

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Pontevedra)
- Ámbito competencial: provincia de Pontevedra
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: III (primeira parte)
- Categoría: pendente de definir pola Comisión de Seguimento do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que dada a retribución que percibían da Administración Xeral do Estado debería encadrarse no primeiro tramo das categorías do grupo III.
- Observacións: Horario especial
- Complementos de singularidade de posto:
  - Perigosidade (B10)
  - Toxicidade (B11)
  - Penosidade (B18)
  - Especial dedicación (B14)

Xustificación:

Proponse a creación para o grupo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia dado que é o equivalente ao grupo G3 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, publicado no BOE do 17.05.2029) (anexo II-b).

Proponse a creación dunha nova categoría pendente de definir pola Comisión de Seguimento do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, por non existir no V

Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ningunha categoría similar á transferida.

## 2.- CREACIÓN DE NOVOS POSTOS DE TRABAJO

### PROPOSTA:

#### **MAC991000215001037 XEFATURA DE SECCIÓN**

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (A Coruña)
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso
- Adscrición Administración: “funcionarios da Xunta de Galicia” (AXG).
- Subgrupos: A1 - A2
- Corpo / escala: Xeral.
- Titulación en dereito
- Área funcional: Xurídica

Xustificación da creación

A creación deste posto se xustifica pola asunción recente por parte de Galicia das competencias en materia de costas, traspasadas polo Estado cun importante volume de expedientes en curso que requiren revisión e coñecementos xurídicos especializada. A complexidade normativa aplicable, así como a necesidade de garantir a correcta tramitación de autorizacións, concesións e procedementos administrativos asociados á servidume e dominio público marítimo-terrestre, fai imprescindible contar cun perfil xurídico cualificado necesario para a tramitación.

O perfil de xefatura proposto é o máis axeitado para exercer estas funcións, dado o nivel de responsabilidade, a necesidade de coordinación interna e a esixencia de interpretar e aplicar normativa estatal e autonómica de elevada complexidade. Por todo o anterior, resulta necesaria a creación deste posto para garantir unha xestión xurídica sólida, rigorosa e eficaz das novas competencias asumidas.

#### **MAC991000236001034 XEFATURA DE SECCIÓN**

Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Pontevedra)
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso

- Adscrición Administración: “funcionarios da Xunta de Galicia” (AXG).
- Subgrupos: A1 - A2
- Corpo / escala: Xeral.
- Titulación: dereito
- Área funcional: xurídica

#### Xustificación da creación

A creación deste posto se xustifica pola asunción recente por parte de Galicia das competencias en materia de costas, traspasadas polo Estado cun importante volume de expedientes en curso que requiren revisión e coñecementos xurídicos especializada. A complexidade normativa aplicable, así como a necesidade de garantir a correcta tramitación de autorizacións, concesións e procedementos administrativos asociados á servidume e dominio público marítimo-terrestre, fai imprescindible contar cun perfil xurídico cualificado necesario para a tramitación.

O perfil de xefatura proposto é o máis axeitado para exercer estas funcións, dado o nivel de responsabilidade, a necesidade de coordinación interna e a esixencia de interpretar e aplicar normativa estatal e autonómica de elevada complexidade. Por todo o anterior, resulta necesaria a creación deste posto para garantir unha xestión xurídica sólida, rigorosa e eficaz das novas competencias asumidas.

### **MAC991000236001046 XEFATURA DE NEGOCIADO**

#### Características:

- Centro directivo: Servizos periféricos
- Unidade Administrativa: Servizo do Litoral (Pontevedra)
- Nivel: 18
- Forma de provisión: concurso
- Adscrición Administración: “funcionarios da Xunta de Galicia” (AXG).
- Subgrupos: A2-C1-C2
- Corpo / escala: Xeral.

#### Xustificación da creación

A creación do posto xustifícase pola asunción recente por parte de Galicia das competencias en materia de costas, acompañada do traspaso por parte do Estado dun volume moi significativo de expedientes que precisan dunha xestión administrativa. O incremento de tarefas vinculadas ao rexistro, tramitación, seguimento e ordenación dos procedementos fai necesario reforzar a estrutura organizativa cun posto que asuma funcións de traballo administrativo.

## **3.- MODIFICACIÓN DO DECRETO DE ESTRUCTURA**

### **3.1.- CREACIÓN DE POSTOS**



### **MAC030000015770055 SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN**

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Nivel: 28
- Forma de provisión: libre designación
- Adscrición Administración: “adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia” (AXG).
- Subgrupos: A1-A2
- Corpo / escala: XERAL / ESPECIAL

Xustificación das escalas

O tratarse dun posto con cobertura por libre designación inclúense todos os corpos, escalas e especialidades.

Xustificación da provisión polo sistema de libre designación: punto 1.2 do apartado cuarto / disposición / cláusula da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

### **MAC0300000315770001 SUBDIRECCIÓN XERAL DO LITORAL**

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Nivel: 30
- Forma de provisión: libre designación
- Adscrición Administración: “adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia” (AXG).
- Subgrupos: A1
- Corpo / escala: xeral / especial

Xustificación das escalas

O tratarse dun posto con cobertura por libre designación inclúense todos os corpos, escalas e especialidades.

Xustificación da provisión polo sistema de Libre designación:

Disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

### **MAC0300000315770070 SERVIZO DE PROTECCIÓN DO LITORAL**

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Nivel: 28
- Forma de provisión: concurso específico
- Adscrición Administración: “adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia” (AXG).
- Subgrupos: A1-A2
- Corpo / escala: Xeral
- Titulación: licenciatura ou grao en dereito
- Área funcional: xurídica

Xustificación da titulación:

Segundo o disposto no artigo 11.2.5.2.2 do Decreto 106/2025, do 11 de novembro, a este servizo, correspóndelle as funcións encomendadas á subdirección xeral no que incumbe á área temática de protección, control e vixilancia do litoral e, en xeral, prestarlle asistencia, así como desenvolver calquera outra función que, por razón da súa competencia, lle poida encomendar a persoa titular da subdirección xeral e, entre outras:

- a) A coordinación cos servizos do litoral dos departamentos territoriais en relación coas súas funcións de control e vixilancia, así como a proposta de resolución de expedientes sancionadores de competencia da dirección xeral.
- b) A posta en marcha de medidas de protección do medio ambiente litoral, así como a coordinación e colaboración cos departamentos que corresponda por razón da materia.
- c) A emisión dos informes que procedan, así como aqueloutras que lle encomenden en relación coa protección, control e vixilancia do litoral.

Tendo en conta o anterior, para o correcto exercicio das ditas competencias (expedientes sancionadores, coordinación de criterios de aplicación da lexislación de costas, informes de legalidade), é imprescindible a posesión dos coñecementos xurídicos que proporciona o grao en dereito.

### 3.2.- MODIFICACIÓN DE POSTOS

#### **MAC030000115770050 XEFATURA SERVIZO DE PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES**

Anterior posto: MAC030000115770050 XEFATURA SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES

Modifícase a denominación para adaptalo ao Decreto 106/2025, do 11 de novembro, sen outra modificación.

#### **MAC030000115770070 XEFATURA SERVIZO DE COORDINACIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES**

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

Anterior posto: MAC030000115770070 XEFATURA SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS RENOVABLES

Modifícase a denominación para adaptalo ao Decreto 106/2025, do 11 de novembro, sen outra modificación.

**MAC030000215770001 SUBD. XERAL DE METEOROLOXÍA E CAMBIO CLIMÁTICO**

Anterior posto: MAC030000215770001 SUBD. XERAL DE CAMBIO CLIMÁT. E DE ORDENA. LITORAL

Modifícase a denominación para adaptalo ao Decreto 106/2025, do 11 de novembro, sen outra modificación.

**MAC030000215770030 XEFATURA SERVIZO DE CAMBIO CLIMÁTICO**

Anterior posto: MAC030000215770030 XEFATURA SERVIZO LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

Modifícase a denominación para adaptalo ao Decreto 106/2025, do 11 de novembro, sen outra modificación.

**MAC030000315770050 XEFATURA SERVIZO DE XESTIÓN DO LITORAL**

Anterior posto: MAC030000315770050 XEFATURA SERVIZO DE XESTIÓN DO LITORAL

Recodifícase o posto para adaptalo ao Decreto 106/2025, do 11 de novembro, sen outra modificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero